

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

<i>Código</i>	<i>Nat</i>	<i>Ud</i>	<i>Resumen</i>	<i>Prezo por partida</i>
D	Capítulo	DESCOMPOSTOS		
C 002	Capítulo	CONSOLIDACIÓNS E DEMOLICIÓNS (TRABALLOS PREVIOS)		
E0100000	Partida	m2	ROZA E LIMPEZA OBRA A MAN Roza e limpeza de obra por medios manuais, sen carga nin transporte e con p.p. de custos indirectos.	5,93
E0100001	Partida	m2	ROZA E LIMPEZA OBRA MECÁNICA Roza e limpeza de obra, por medios mecánicos, con corte e retirada de arbustos, i/arrancado de raíces, sen carga nin transporte e con p.p. de custos indirectos.	1,53
E0100002	Partida	m2	APUNTALAMENTO PLACA ATÉ 5 m. Apuntalamento de placa até 5 m de altura realizado con pontes de apuntalamento formados por dormente e contrapontón de 2 m unidos por dous pés dereitos formados por tableiro pasante ou rolo D= 15, todos eles en madeira de piñeiro de sección 20/7 cm., i/tirantes, tornapuntas, bridas, cuñas, etc., totalmente montado, i/desmontaxe posterior.	14,40
E0100003	Partida	m2	APUNTALAMENTO DE ESTRUCTURA CON MADEIRA Apuntalamento de estrutura con traveseiros, puntais e contrapontóns de madeira, ata unha altura de 3 m., i/traza e p.p. de costes indirectos.	2,22
E0100004	Partida	m3	APERT. OCO (0,4-1,0 m2) CACHOTARÍA MANUAL Apertura, por medios manuais, de ocos comprendidos entre 0,40 e 1,00 m2. de superficie, en muros de fábrica de cachotaría tomada con masas pobres, i/retirada de entullos a pé de carga, apuntalamento do oco con linteis, medios auxiliares de obra e p.p. de costes indirectos.	209,49
E0100006	Partida	m3	DEMOL. MURO CACHOTARÍA A MAN Demolición, por medios manuais, de fábrica de cachotaría en muros, executada en seco ou lixeiramente recibida con morteiros pobres, i/retirada de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	57,15
E0100007	Partida	m3	DEMOL. MURO CACHOTARÍA C/COMPRESOR Demolición de fábrica de cachotaría recibida con morteiros de cemento, con martelo compresor de 2.000 l/min., i/retirada de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	54,91
E0100008	Partida	m3	RECICLAXE VIGA MADEIRA Reciclaxe para uso en obra de viga de madeira anteriormente desmontada, mediante a selección esmerada do material aproveitable, desbotando as pezas flechadas, pandeadas, viradas, que presenten fendas excesivas, falta de resistencia, perdas de sección, podremia ou ataques xilófagos xeneralizados, etc. das pezas reutilizables a xuízo dos técnicos responsables. Eliminaranse os cravos, ferrallas e elementos alleos, mediante corte das cabezas, que estean atacadas por xilófagos, humidade etc, ou por necesitar ensambladuras diferentes. A continuación clasificaranse por lonxitudes e escuadrías, amoreando en lugar abrigado da chuvia e a humidade para o seu uso posterior.	51,23
E0100009	Partida	ud	CONSOLIDACIÓN MADEIRA ESTRUCTURAL Consolidación de madeira, en estrutura de cuberta, de zonas deterioradas en cabezas de vigas, reforzos en nós de unión de cabaletes, mediante sistema Beta, a base de morteiro de resina epoxi e varas de fibra de vidro e poliéster.	511,33
E0100011	Partida	m2	APEO FACHADA C/ESTADAS Apeo de fachada ata espesura de 1 m. e unha altura ata 15 m., con estadas metálicas resistentes, montaxe e desmontaxe, i/p.p. de arriostamento, contrapesos, medios auxiliares, lona de protección e medidas de seguridade.	31,89

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100012	Partida	ud	APEO PILAR Apeo de piar ata deixalo sen carga (sen incluír apeo de forxados), existindo como máximo unha planta por enriba do piar que se vai apear, realizándose con tornapuntas de 3 taboleiros, i/codais, cuñas, ...etc.	900,24
E0100005	Partida	m2	DEMOL. CUB. TELLA CERAM. CURVA Demolición de material de cubrición de tella cerámica curva, mesmo cumieiras e limas tesas, limas foias, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizado por medios manuais, sen aproveitamento de material desmontado, con p.p. de proteccións, limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medida en verdadeira magnitude.	4,65
E0100010	Partida	m2	LEVANT. MAT CUB. TELLA CERAM. C/RECUPERACIÓN Levantamento de material de cubrición de tella cerámica curva, mesmo cumieiras e limas tesas, limas foias, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza (aproveitamento 60% das pezas), almacenamento e protección ao pé da obra de materiais aproveitables, con p.p. de protección, limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medido en verdadeira magnitude.	7,25
E0100013	Partida	m2	DEMOL. COMPLETA CUB. MADEIRA E TELLADO Demolición completa de cuberta de madeira, por medios manuais, con recuperación de material de cubrición ou estrutural aproveitable, perdendo o seu valor funcional, i/retirada de entullos a pé de carga, apeos, maquinaria auxiliar de obra e p.p. de costes indirectos.	10,38
E0100015	Partida	m2	DEMOL. COB. PLACAS FIBROCEMENTO Demolición de cobertura de placas onduladas de fibrocemento, mesmo cumieiras, limas, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizada por medios manuais, sen aproveitamento do material desmontado, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medida en verdadeira magnitude.	2,56
E0100020	Partida	m2	LEVANT. COB. PLACAS FIBROC. C/RECUPERACIÓN Levantamento de cobertura de placas onduladas de fibrocemento, mesmo cumieiras, limas, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizada por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de materiais aproveitables, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de sobrantes en vertedoiro. Medida en verdadeira magnitude.	4,28
E0100021	Partida	m2	DEMOL. CUB. LOUSA Demolición de material de cubrición de lousa, mesmo cumieiras e limas tesas, limas foias, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizado por medios manuais, sen aproveitamento de material desmontado, con p.p. de proteccións, limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medida en verdadeira magnitude.	5,25

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100022	Partida	m2	LEVANT. MAT CUB. LOUSA C/RECUPERACIÓN Levantamento de material de cubrición de lousa, mesmo cumieiras e limas tesas, limas foias, canlóns, remates laterais e encontros con paramentos e saíntes, así como fixacións, accesorios e pequeno material, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza (aproveitamento 60% das pezas), almacenamento e protección ao pé da obra de materiais aproveitables, con p.p. de protección, limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes; mesmo carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medido en verdadeira magnitude.	7,55
E0100025	Partida	m2	DEMOL. LUCERNARIO >1m2. Demolición de lucernario de cuberta fixo/practicable, de escuadrías de madeira ou ferro e vidros, mesmo ancoraxes, imbricacións e zócalo de base, así como accesorios e pequeno material, realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	23,63
E0100030	Partida	ml	LEVANT. CANLÓN EXT. METAL/PVC Levantamento de canlón exterior metálico/PVC, mesmo ancoraxes, porcas de orellas e accesorios, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	3,17
E0100035	Partida	ml	LEVANT. BAIXANTE PLUVIAIS Levantamento de baixante exterior de pluviais metálica/PVC, mesmo ancoraxes, abrazadeiras, gardacanos e accesorios, realizado por medios manuais, coidando especialmente a extracción de calquera resto metálico incrustado en cantarías, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Medios auxiliares e de seguranza incluídos.	3,80
E0100040	Partida	m2	DEMOL. FALSO TEITO "BARROTILLO" Demolición de falso teito de "barrotillo", formado por listóns de madeira e recebado con masa de cal ou mixto, mesmo estrutura lixeira portante de madeira, molduras, rosetóns e outros elementos decorativos, así como instalacións ocultas no seu interior, ancoraxes, cravazón e pequeno material, realizada por medios manuais, i/medios auxiliares, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	7,43
E0100045	Partida	m2	DEMOL. FALSO TEITO TÁBOAS MADEIRA Demolición de falso teito de madeira, formado por táboas de madeira "a tope" ou agargaladas, mesmo estrutura lixeira portante de madeira, molduras, rosetóns e outros elementos decorativos, así como instalacións ocultas no seu interior, ancoraxes, cravazón e pequeno material, realizada por medios manuais, i/medios auxiliares, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	5,93
E0100050	Partida	m2	DEMOL. FALSO TEITO PRANCHAS ESCAIOLA Demolición de falso teito corrido de pranchas de escaiola, mesmo tirantes e cordóns, así como instalacións ocultas no seu interior, como molduras, rosetóns e outros elementos decorativos, realizada por medios manuais, i/medios auxiliares, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	3,12
E0100060	Partida	m2	DEMOL. TABIQUE LAD. CANTO Demolición de tabique de ladrillo (los/lod) colocado de canto, recibido con calquera tipo de masa cal/cemento/mixto, mesmo revestimentos existentes e enlaces con outras fábricas, así como instalacións no seu interior e premarcos, realizada por medios manuais, i/medios auxiliares con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro; medida sen descontar ocos.	5,56

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100065	Partida	m2	DEMOL. FÁBRICA L.O.D. 1/2 PÉ Demolición de fábrica de ladrillo oco dobre aparelado a 1/2 pé recibido con masa cal/cemento/mixta, mesmo revestimentos existentes e enlaces con outras fábricas, así como instalacións no seu interior e premarcos, realizada por medios manuais, i/medios auxiliares, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro; medida sen descontar ocos.	5,35
E0100070	Partida	m2	DEMOL. TABIQUE "BARROTILLO" e<=10 cm. Demolición de tabique de "barrotillo" até 10 cm. de espesura aproximada, composto de alma de táboas e listóns de madeira cravexada por ambas as caras, colmado, recebado e lucido con masa de cal ou mixta, mesmo revestimentos existentes e enlaces con outras fábricas, así como instalacións no seu interior e premarcos, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro; medida sen descontar ocos.	10,39
E0100075	Partida	m2	DEMOL. APERTURA OCO MURO "BARROTILLO" Demolición en apertura de oco en muro de fábrica de "barrotillo" con alma de táboas e listóns de madeira e recebados con masa de cal ou mixto, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	12,40
E0100080	Partida	m2	DEMOL. TABIQUE DE MADEIRA Demolición de tabique de madeira, composto por alma de estrutura lixeira portante e táboas de madeira "a tope" ou agargaladas, mesmo enlaces, premarcos e instalacións en superficie, realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro; medida sen descontar ocos.	8,91
E0100085	Partida	m2	LEVANT. TABIQUE DE MADEIRA C/RECUPERACIÓN Levantamento de tabique de madeira, composto por alma de estrutura lixeira portante e táboas de madeira "a tope" ou agargaladas, mesmo enlaces, premarcos e instalacións en superficie, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de elementos aproveitables, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de sobrantes a vertedoiro; medido sen descontar ocos.	11,13
E0100086	Partida	m2	DEMOL. TABIQUE ESCAIOLA Demolición de tabique de até 7 cm. de espesura, conformado con placas de escaiola ou xeso, por medios manuais, i/retirada de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	4,61
E0100090	Partida	m2	DEMOL. TÁBOAS DE PISO MADEIRA Demolición de táboas de piso de madeira, "a tope" ou agargaladas, de variado formato, fixadas sobre estrutura de madeira, sen incluír esta, mesmo fixacións e pequeno material, realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	13,58
E0100095	Partida	m2	LEVANT. TÁBOAS PISO C/RECUPERACIÓN Levantamento de táboas de piso de madeira, "a tope" ou agargaladas, de variado formato, fixadas sobre estrutura de madeira, sen incluír esta, mesmo fixacións e pequeno material, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de materiais e elementos aproveitables, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de sobrantes a vertedoiro.	16,99

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100100	Partida	m2	DEMOL. SOLLADO BALDOSA Demolición de sollado de baldosa hidráulica ou “terracín”, mesmo rodapé e capa de crecido e nivelación de masa de cal/cemento/mixta até unha espesura de 5 cm., realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	11,13
E0100105	Partida	m2	DEMOL. SOLLADO LOUSAS PEDRA GRANITICA Demolición de sollado de lousas de pedra granítica de espesuras e/ou formatos variables, mesmo rodapé e capa de crecido e nivelación de masa de cal/cemento/mixta de 5 cm. de espesura media, realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	14,84
E0100110	Partida	m2	LEVANT. SOL. LOUSAS PEDRA GRANITICA C/RECUPERACIÓN Levantamento de sollado de lousas de pedra granítica de espesuras e/ou formatos variables, mesmo rodapé e capa de crecido e nivelación de masa de cal/cemento/mixta de 5 cm. de espesura media, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de pezas aproveitables, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de sobrantes a vertedoiro.	22,52
E0100115	Partida	m2	DEMOL. SOLLADO PARQUÉ PEGADO Demolición de sollado de parqué adherido de madeira, mesmo rodapé e capa de crecido e nivelación de masa de cemento até unha espesura de 5 cm., realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	8,17
E0100120	Partida	m2	DEMOL. SOLLADO MOQUETA, PVC, GOMA Demolición de sollado de moqueta, P.V.C., goma ou cortiza, mesmo rodapé e capa de crecido e nivelación de masa de cemento ate unha espesura de 5 cm., realizada por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	7,43
E0100130	Partida	m2	DEMOL. CREC. MASA CAL/CEMENTO Demolición de solo-base de masa de cal/cemento/mixta dunha espesura media ate 10 cm., mesmo recheo de sub-base, realizada por medios manuais con auxilio de equipamento compresor, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	8,32
E0100135	Partida	m2	DEMOL. SOLO-BASE FORM. EN MASA Demolición de solo-base de formigón en masa ou lixeiramente armado dunha espesura media até 20 cm. mesmo recheo de sub-base, realizada por medios manuais con auxilio de equipamento compresor, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	11,10
E0100136	Partida	m2	DEMOL. PLACA MADEIRA A MAN Demolición de placa de vigas de madeira e entaboadado por medios manuais, i/aqueo previo, traslado e amoreado de material aproveitable, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro e p.p. de custos indirectos.	12,31
E0100137	Partida	m2	DEMOL. ESCALEIRA MADEIRA A MAN Demolición de escaleira de madeira e entaboadado por medios manuais, i/aqueo previo, carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro e p.p. de custos indirectos.	19,44

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100140	Partida	m2	PICADURA DE REVOCADURAS EN MUROS Picadura de revocaduras de até 4 cm. de espesura en muros, realizado por medios manuais, con p.p. de catas selectivas previas de identificación, saneamento final de soportes con cepillo metálico, protección de mobiliario, carpintarías, pavimentos e vexetación, limpeza final de áreas de traballo, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	11,21
E0100141	Partida	m2	PICADURA XESOS MESMO TENDIDO Picadura de xesos antigos en bo estado de conservación para posterior regularización con novo tendido de xeso, i/este, e retirada de entullos a pé de carga.	9,16
E0100142	Partida	m2	PICADURA PROFUNDA PARAM. VERTICAIS Picadura profunda de paramentos verticais revocados de fachada, deixando vista a fábrica soporte, con baixada e transporte de entullos a pé de carga.	19,50
E0100145	Partida	m2	SANEAMENTO XUNTAS CACHOTARÍA Picadura de xuntas de masa de cal ou mixta sobre fábrica de cachotaría, realizado por medios manuais, con p.p. de saneamento de soportes con cepillo metálico e limpeza de áreas de traballo, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	17,81
E0100150	Partida	m2	SANEAMENTO XUNTAS CANTARÍA Saneamento coidadoso de xuntas de masa de cal ou mixta en fábrica de cantaría, realizado sen danar a cantaría por medios manuais até 2-3 cm. de profundidade, con p.p. de cepilladura final. Mesmo protección de mobiliario, carpintarías, pavimentos ou vexetación, limpeza final de áreas de traballo, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	8,91
E0100155	Partida	m2	DECAPAXE E SANEAMENTO TECIDOS E PAPEL Decapaxe e saneamento superficial de revestimentos existentes de tecido ou papel adheridos ou non a paramentos verticais e horizontais, realizado por medios manuais, con p.p. de saneamento de soportes e limpeza de áreas de traballo, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	7,48
E0100156	Partida	m2	LAVADO E RASCADO PINTURAS VELLAS Lavado e rascado de pinturas vellas sobre paramentos verticais e horizontais.	3,30
E0100157	Partida	m2	ARRINCADO DE PAPEIS VELLAS Arrincado dunha capa de papel pegado, co humedecido do mesmo e arrincado mediante espátula.	3,17
E0100158	Partida	m2	DECAPAXE E SANEAMENTO PINTURA TEMPERA Decapaxe, lavado e saneamento superficial de revestimentos existentes de pintura á tempera ou similar sobre soportes en bo estado, tanto en paramentos verticais como horizontais, realizada por medios manuais con emprego de espátulas, cepillos metálicos e/ou de esparto rixido e auga, así como tratamento de soportes con lixivia diluída en auga, con p.p. de protección de mobiliario, carpintarías, pavimentos ou vexetación e limpeza de tallos. Deixando a superficie lista para pintar. Medios auxiliares e de seguranza incluídos.	7,24
E0100159	Partida	m2	DECAPAXE E SANEAMENTO PINTURA PLÁSTICA Decapaxe e saneamento superficial de revestimentos existentes de pintura plástica ou similar sobre soportes en bo estado, tanto en paramentos verticais como horizontais, realizada por medios manuais con emprego de espátulas, cepillos metálicos e/ou de esparto rixido e auga, así como tratamento de soportes con lixivia diluída en auga, con p.p. de protección de mobiliario, carpintarías, pavimentos ou vexetación e limpeza de tallos. Deixando a superficie lista para pintar. Medios auxiliares e de seguranza incluídos.	7,98
E0100161	Partida	m2	LIXADURA DE SUPERFICIES Lixadura de paramentos verticais e horizontais.	0,27

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100162	Partida	m2	<p>ELIMINACIÓN PINTURAS S/MADEIRA</p> <p>Eliminación total en obra ou taller de pinturas vellas sobre madeira en portas e ventás utilizando sobrete de aire quente e espátula, mesmo se for necesario decapante tirapinturas e aspadura ata deixar a madeira vista. Con p.p. de extracción de puntas, desmontaxe de vidros con recuperación, se foren especiais, e limpeza de enmasillados, mesmo desmontaxe da porta ou ventá e traslado ao lugar onde se realicen os traballos, lixadura e limpeza final, almacenaxe e protección a pé de obra ou en taller e reinstalación da peza. Medios auxiliares e de seguranza incluídos. Realizados os traballos a que se refire esta unidade de obra, unha vez perfectamente limpa e á vista a madeira, a peza será inspeccionada pola D.F. para definir o criterio polo que se continuarán os traballos de restauración, reposición e pintura de acabado final. Estes traballos mediranse e valoraranse á parte. Prohíbese a utilización de sobretes de chama.</p>	36,60
E0100163	Partida	m2	<p>LIXADURA PINTURAS S/MADEIRA</p> <p>Lixadura de carpintarías por medios manuais sen chegar á eliminación total de pinturas vellas que estean perfectamente adheridas, sen usar sobrete de ningún tipo nin disolventes, preparando correctamente o soporte para aplicar unha nova pintura de forma que se garanta a absoluta lisura e adherencia das novas capas, medios auxiliares e de seguranza, protección de mobiliario, pavimentos, etc.</p>	8,44
E0100164	Partida	m2	<p>CEPILLADURA ARAME PINTURA S/FERRO</p> <p>Eliminación total "in situ" de pinturas vellas en reixas metálicas por medios manuais por cepilladura, raspadura, lixadura e aplicación previa de decapante até eliminar completamente pinturas vellas en ambas as caras das reixas, deixando a superficie lista para pintar sen residuos, nin óxidos. Medios auxiliares, protección e de seguranza con limpeza de áreas de traballo e transporte de entullos incluídos. Medindo unha soa cara das reixas.</p>	22,15
E0100160	Partida	m2	<p>DEMOL. REVEST. PLAQUETA</p> <p>Demolición de revestimento de plaqueta cerámica ou gres recibido con cemento adhesivo, mesmo este, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	12,85
E0100165	Partida	ml	<p>DEMOL. CHANZO PEDRA 4 cm.</p> <p>Demolición de chanzo, con mesa e tabica acabadas en pedra natural ou artificial de até 4 cm. de espesura, mesmo masa de recibido, así como grupos de chanzos e/ou recheo de base soporte e sobrezanca, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	14,84
E0100170	Partida	ml	<p>DEMOL. CHANZO MADEIRA I/ENTRAMADO</p> <p>Demolición de chanzo con mesa e tabica de madeira de até 4 cm. de espesura, mesmo restreis, estrutura portante e sobrezanca, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	11,13
E0100175	Partida	m2	<p>LEVANT. CARPINTARÍA METÁLICA</p> <p>Levantamento de carpintaría exterior/interior metálica, de follas fixas e/ou practicables, mesmo vidros, premarcos, ancoraxes e recibido, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	9,25
E0100180	Partida	ud	<p>DEMOL. CARPINTARÍA EXTERIOR MADEIRA</p> <p>Demolición de carpintaría exterior de madeira tradicional rasada en muro, deteriorada, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro. Todos os medios auxiliares incluídos, tendo especial coidado co chumbado dos porlóns.</p>	13,62

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100185	Partida	ud	<p>LEVANT. CARPINTARÍA EXTERIOR MADEIRA C/RECUPERACIÓN</p> <p>Levantamento de carpintaría exterior de madeira rasada tradicional, mesmo vidros e contraventás, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén a pé de obra, medios auxiliares e de seguranza incluídos. Mídese á parte a reposición de vidros que xa estivesen rotos, a lixadura de pinturas vellas, a nova pintura e a recolocación. Sen extracción dos porlóns.</p>	27,25
E0100186	Partida	m2	<p>LEVANT. CERCOS EN TABIQUES</p> <p>Levantamento, por medios manuais, de cercos en tabiques, i/traslado e empilamento de material recuperable, retirada de entullos a pé de carga e p.p. custos indirectos.</p>	9,80
E0100190	Partida	ud	<p>DEENCHUMBADO PORLÓNS</p> <p>Deschumbaxe de porlóns deteriorados ou restos na súa fixación sobre perpiaño granítico eliminando sen deteriorar o perpiaño granítico calquera resto de chumbo ou ferralla até deixar limpos os furados e listo para recibir a chumbaxe do novo porlón. Limpeza final e transporte de entullos a vertedoiro. Todos os medios auxiliares e de seguranza incluídos. Medirase unha unidade por cada un dos porlóns a deschumbar.</p>	25,33
E0100195	Partida	ud	<p>RETIRADA TOPETES/TORNACHUVIAS CINC</p> <p>Retirada de topetes/tornachuvias tradicionais de cinc sobre ventá, mesmo deschumbaxe de elementos de rixidización, deixando o sitio preparado para a instalación do novo tornachuvias. Todos os medios auxiliares e de seguranza incluídos, con limpeza final e carga e transporte de entullos a vertedoiro. O momento da demolición aproveitarase para tomar medidas e en compañía da dirección facultativa, se a houbese, definir o novo tornachuvias e a súa fixación sobre o muro.</p>	22,16
E0100200	Partida	ud	<p>LEVANT. PORTA INTERIOR MADEIRA < 3 m2</p> <p>Levantamento de porta interior de madeira até 3 m2 de oco, mesmo maineis, marcos e gornicións, así como ancoraxes e recibido, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	21,32
E0100205	Partida	ud	<p>LEVANT. PORTA INTERIOR MADEIRA < 3 m2 C/REC.</p> <p>Levantamento de porta interior de madeira de máis 3 m2 de oco, mesmo maineis, marcos e gornicións, así como ancoraxes e recibido, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de obra ou de préstamo de material aproveitable, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de sobrantes a vertedoiro.</p>	24,88
E0100210	Partida	m2	<p>LEVANT. MOBLES COCIÑA ALTOS E BAIXOS</p> <p>Levantamento de equipamento de cociña corrente con mobles altos e baixos, electrodomésticos e demais aparellos, mesmo demolición de pequenos mesados e/ou tabiques baixos, así como instalacións elementais, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	4,04
E0100215	Partida	m2	<p>DEMOL. REIXADO METÁLICO</p> <p>Demolición de reixado metálico de protección de ocos, mesmo ancoraxes e recibido, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.</p>	81,89
E0100220	Partida	m2	<p>LEVANT. REIXADO METÁLICO C/RECUPERACIÓN</p> <p>Levantamento de reixado metálico de protección de ocos, mesmo ancoraxes e recibido, realizado por medios manuais, con recuperación e limpeza, empillamento e protección en almacén de obra ou de préstamo de material aproveitable, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de sobrantes a vertedoiro.</p>	10,39

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100225	Partida	ml	DEMOL. VARANDA DE MADEIRA Demolición de varanda de madeira, mesmo ancoraxes e fixacións, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	8,31
E0100230	Partida	ml	DEMOL. PASAMÁNS Demolición de pasamáns de madeira, mesmo ancoraxes e fixacións, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	9,87
E0100235	Partida	ud	LEVANT. APARELLOS SANITARIOS Levantamento de aparellos sanitarios (inodoro, lavamáns, bidé) de porcelana vitrificada, mesmo fixacións, billas e accesorios, así como mecanismos e instalacións de alimentación e desaugamento, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	10,72
E0100240	Partida	ud	LEVANT. PRATO DUCHA Levantamento de prato de ducha, mesmo recibido, zócolo de asento e accesorios, así como billas e instalacións de alimentación e desaugamento, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	24,51
E0100245	Partida	ud	LEVANT. BAÑERA OU BAÑO-ASEO Levantamento de bañeira ou baño-aseo, mesmo cama de asento e demolición de tabiques de frontes, así como billas e instalacións de alimentación e desaugamento, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	30,64
E0100246	Partida	ud	DEMOL. INSTAL. XERAL EDIFICIO Demolición de instalacións xerais dunha vivenda, bloque ou local (excluída a instalación do ascensor), i/traslado e abasto de material aproveitable, transporte de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	110,43
E0100247	Partida	ud	DEMOL. INSTAL. ELÉCTRICA / VIV. Demolición da instalación eléctrica (mecanismos, fíos, etc.) e da parte da rede xeral correspondente, dunha vivenda de 90 m2. de superficie aproximada útil, i/traslado e abasto de material aproveitable, transporte de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	179,66
E0100248	Partida	ud	DEMOL. INSTAL. FONTANERÍA / VIV. Demolición de instalación de fontanaría e desaugadoiros, así como a parte de rede xeral correspondente, dunha vivenda de 90 m2. de superficie aproximada útil, i/traslado e abasto de material aproveitable, transporte de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	236,52
E0100249	Partida	ud	DEMOL. INSTAL. CALEFACCIÓN / VIV. Demolición da instalación de radiadores, canalizacións e accesorios de calefacción, así como la parte proporcional da rede xeral, dunha vivenda de 90 m2. de superficie aproximada útil, i/traslado e abasto de material aproveitable, transporte de entullos a pé de carga e p.p. de custos indirectos.	292,59
E0100250	Partida	ud	LEVANT. REDE LOCAL DESAUG. 1 SALA HÚMIDA Levantamento de rede local de desaugadoiros para sala húmida (cociña-baño-aseo) composta por aparellos correntes, mesmo acometida a baixante, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	29,29

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100255	Partida	ml	LEVANT. REDE VERTICAL SANEAMENTO COLECT. Levantamento de rede vertical de saneamento de colectores até 200 mm. de diámetro, mesmo derivacións, pezas especiais, abrazadeiras, fixacións e pequeno material, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	5,93
E0100260	Partida	ml	DEMOL. REDE HORIZONTAL SANEAMENTO Demolición de rede horizontal enterrada de saneamento para colector de diámetro até 500 mm., mesmo cama de asento, gabia e pavimento existente, así como posterior recheo e consolidación, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	14,84
E0100265	Partida	ud	LEVANT. RADIADOR ALUMINIO Levantamento de radiador de chapa, aluminio ou similar, de dimensións normais de vivenda, mesmo fixas, chaves, purgadores e demais accesorios, así como instalacións distribución e alimentación, realizado por medios manuais, con p.p. de limpeza de áreas de traballo e saneamento de soportes, así como carga, transporte e descarga de entullos a vertedoiro.	23,68
E0100270	Partida	ud	LEVANT. RADIADOR C/RECUPERACIÓN Levantamento de radiador de calefacción de calquera tipo con p.p. da súa instalación correspondente para recuperación deste e retirada e almacenaxe en obra.	26,79
E0100275	Partida	ud	LEVANT. CALDERA / CALENT. GAS Levantamento, por medios manuais, de caldeira ou quentador de gas e accesorios, con ou sen recuperación destes para, se é o caso, a súa posterior colocación, i/corte ou anulación da subministración e das correspondentes canalizacións, limpeza e p.p. de custos indirectos.	37,68
E0100280	Partida	ud	LEVANT. CALENTADOR ELÉCTRICO Levantamento, por medios manuais, de quentador eléctrico e accesorios, con ou sen recuperación destes para, se é o caso, a súa posterior colocación, i/corte ou anulación da subministración e das correspondentes canalizacións e p.p. de custos indirectos.	25,26
E0100285	Partida	m2	ELIM. XUNTAS FÁBRICA CANTARÍA Eliminación do rexuntado de morteiro de cal, xeso ou mixtos en fachada de fábrica de cantaría, retirando manualmente o morteiro disgregado, mediante brochas de seda, cepillos de raíces espátulas etc, (nunca con instrumentos de percusión ou panca que poidan romper as arestas dos perpiaños sobre os que se forman as xuntas), e soprado con aire a presión controlada para a eliminación dos detrito e material desagregado, outros tipos de morteiro non orixinais moito máis resistentes mecanicamente, eliminaranse solo por indicación expresa da dirección facultativa e cando se poida asegurar que estes poderán desprenderse sen propiciar a rotura ou desconchadura de bordos. Mesmo retirada de cascotes, e detrito e carga sobre camión para posterior transporte a vertedoiro. Estes traballos serán realizados por especialistas restauradores, e non se consentirá a utilización de man de obra menor cualificada.	16,34

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0100290	Partida	m2	<p>LIMPEZA BIOCIDA ELEM. CANTARÍA</p> <p>Eliminación por medios manuais, baixo a supervisión de equipo de arqueoloxía, da bostela bioxénica superficial de elementos de cantaría histórica, mediante tratamento biocida (fungicida-alcicida) superficial axeitado para a destrución e prevención de proliferación de novas colonizacións de algas, líquenes, mofos e microorganismos varios sobre os soportes pétreos mediante unha primeira aplicación en superficie con pulverizador air-less de antiséptico tipo: Biotin ao 5% en auga desmineralizada e en casos persistentes aplicación de pentaclorofenato sódico acuoso, ou disolución de aldehido fórmico ao 1% e unha segunda aplicación preventiva de Amonio cuaternario en disolución hidroalcohólica ao 3-5%. A aplicación realizarase con pulverizador ou a brocha facéndoo penetrar polos intersticios, e cun rendemento non menor a 0.25 l/m2. Retirando posteriormente de forma manual os detrito biolóxicos secos.</p>	2,60
E0100295	Partida	m2	<p>LIMPEZA BIODEPÓSITOS</p> <p>Limpeza xeral primaria en seco, de biodepósitos (acumulacións de microorganismos, restos orgánicos, excrementos de aves etc.) depositados sobre as fachadas voos e cornixas de fábrica de pedra, actuando manualmente con cepillos de porca suave, e instrumentos desincrustantes manuais axeitados (espátulas, escalpelos etc). Aplicando o tratamento por franxas horizontais completas, dende as partes superiores ás inferiores, mesmo retirada de detrito e carga sobre camión para posterior transporte a vertedoiro. As zonas con manchas ou bostelas persistentes de guano trataranse con emplastos de pasta AB-57 reforzadas ao 50% con EDTA carbonato amónico espesado con carboximetilcelulosa e bifloruro amónico, posteriormente lavarase con AA (alcohol etílico+amoníaco) eliminándose os produtos volátiles de restauración por evaporación, axudándose de calefactores de aire quente ou infravermellos.</p>	12,32